



Expte. 4493/440

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACION DOS SERVIZOS DE SOPORTE TECNICO E FORMACIÓN PARA A POSTA EN MARCHA DO PROXECTO EDUSI – VIGO VERTICAL - COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER).

1.- Obxecto:

O presente Prego recolle o conxunto de especificacións técnicas e instrucións que se deberán para a prestación dos **SERVIZOS DE SOPORTE TECNICO E FORMACIÓN PARA A POSTA EN MARCHA DO PROXECTO EDUSI – VIGO VERTICAL.**

En relación o citado proxecto EDUSI VIGO VERTICAL, se anexa a este PPTP os documentos orientativos da citada estratexia recollendo de forma específica o ámbito de actuación da estratexia, o orzamento indicativo, así como a referencia da implementación da estratexia nos obxectivos temáticos coa definición das liñas de actuación propostas.

2.- Prestacións obxecto do contrato

A primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sustentable 2014-2020, efectuada por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, na súa resolución definitiva aprobou a estratexia DUSI VIGO VERTICAL, concedendo ao Concello de Vigo a dobre condición de Organismo Intermedio Lixeiro, é beneficiaria das operacións que ela mesma selecciona, polo cal coa aprobación do Manual de Procedementos e os criterios de selección de operacións, deberá iniciar o proceso de posta en marcha de todos os procesos para a execución e xestión da citada estratexia, polo cal, requírese no ámbito deste expediente de contratación a realización das seguintes actuacións:

α) Soporte para a posta en marcha do equipo de trabalo interno que compoñe a estrutura de xestión do Concello de Vigo.

1. Formación ao persoal do Concello de Vigo para a tramitación das solicitudes nas materias relacionadas, en concreto na elaboración de documentos de análises de cada operación no relativo as materias necesarias para o desempeño das súas funcións:
 - o Elixibilidade da actuación conforme aos CSO e a normativa nacional e comunitaria
 - o Procedemento de contratación a seguir indicando puntos débiles que puidesen facer que a operación non fose elixible.

Este proceso deberá realizar polo menos 4 sesións de 2 horas para a formación do persoal

2. Soporte técnico para a definición dos criterios e contidos a incluír nas directrices para a execución das operacións.
3. Análise e interpretación da normativa e instrucións que sexa de aplicación e en particular á elaborada pola Dirección Xeral de Fondos Comunitarios do Ministerio de



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2017 11:04	Páxina 1 de 6
Aprobado en Xunta de Goberno do 12/05/2017	Código de verificación: 2EE84-43225-45CDC-25223	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



Expte. 4493/440

Facenda e Administracións Públicas para a correcta execución das actuacións incluídas na Estratexia DUSI.

4. Análise dos riscos relacionados coa posible interrupción da xestión (operativos).
5. Definición de instrucións para o mantemento do criterio de pista de auditoría, así como para a integridade dos gastos da maneira prevista na declaración en fondos 2020

β) Soporte para a posta en marcha das operacións vinculadas ao proxecto.

Así mesmo, o Concello de Vigo como beneficiario da axuda ten que realizar unha serie de actividades para a correcta execución do proxecto. A continuación detállanse as actividades a realizar por parte do adxudicatario no ámbito deste contrato de servizos de soporte técnico e formación.

1. Deseño, desenvolvemento e implantación dos procedementos necesarios para dar soporte ao modelo de procesos definidos que posibilite o cumprimento dos criterios establecidos para os proxectos cofinanciados con fondos FEDER.
2. Soporte á execución dos procedementos ata a súa implantación dentro do período do contrato.

χ) Despregamento do modelo de gobernanza

Soporte técnico para o desenvolvemento dun modelo de gobernanza involucrando ás áreas do Concello para a execución da Estratexia DUSI asegurando a integración de todas as áreas, identificando os condicionantes das diversas áreas, deseñando mecanismos de integración con axentes clave dos procesos.

δ) Planificación das actuacións

Soporte técnico para o desenvolvemento dunha planificación da estratexia para conseguir un cumprimento dos prazos previstos, definindo de forma pormenorizada os proxectos ou intervencións concretas que se van a levar a cabo de acordo cos condicionantes específicos da EDUSI e das obrigas dos proxectos cofinanciados por Fondos FEDER.

ε) Definición do modelo de seguimento e avaliación

Soporte técnico para a definición dun modelo de seguimento e avaliación para garantir que se que se alcanzan os obxectivos, garantindo uns procesos de alarman e propostas para detectar necesidades que determinen cambios ou modificacións das propostas da estratexia, así como a definición dos informes de seguimento tipo a realizar que permitan reportar o avance de execución das accións.

φ) Información e publicidade

Soporte técnico para a elaboración dun plan de comunicación e divulgación indicando as accións concretas a realizar tanto para a estratexia DUSI, as diferentes liñas de actuación e as



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2017 11:04	Páxina 2 de 6
Aprobado en Xunta de Goberno do 12/05/2017	Código de verificación: 2EE84-43225-45CDC-25223	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



Expte. 4493/440

súas intervencións, así mesmo, deberase indicar os obxectivos, destinatarios e os soportes de comunicación propostos para a execución do plan.

y) Participación

Tendo en conta os obxectivos vinculados á participación cidadá, definirase un Plan de participación, incluíndo a definición dunha estratexia de participación tanto en internet como en redes sociais. A función principal deste Plan, é ofrecer ferramentas aos cidadáns que lles permitan transmitir a súa opinión e o seu criterio aos estamentos públicos da seguinte maneira:

3.- Propiedade do resultado dos traballos derivados dos servizos de soporte técnico.

Todos os documentos xerados nos traballos deste contrato de servizos de soporte técnico e formación que se realicen serán propiedade do Concello de Vigo para a súa utilización no ámbito do Proxecto DUSI VIGO VERTICAL

4.- Confidencialidade da información

A empresa adjudicataria comprométese a garantir a confidencialidade da información utilizada para a realización dos traballos obxecto do contrato, así como dos traballos realizados e a de calquera outra que no desenvolvemento da mesma puidese chegar a coñecer o persoal da empresa.

5.- Publicidade

Durante a execución deberase facer constar en toda a información e publicidade que puidese xerarse con ocasión dos servizos técnicos contratados, que a mesma se atopa cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, de acordo co articulado no Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, de 8 de decembro de 2006, que fixa as normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello, de 11 de xullo de 2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo

6.- OBRIGACIÓNS DA EMPRESA ADXUDICATARIA:

A empresa adjudicataria, estará obrigada a observar as seguintes cuestións durante o desenvolvemento dos traballos contratados:

- Poñer a disposición do servizo todos os medios técnicos, materiais, económicos e humanos que esixan os servizos contratados, tendo ao seu cargo a obtención de todos os permisos, licenzas e autorizacións necesarias para a realización do mesmo conforme ao establecido no presente prego. Todo o persoal necesario para cumprir as obrigacións que se deriven do contrato terá o título facultativo ou experiencia profesional adecuada ao seu labor e dependerá exclusivamente da empresa contratista.
- Asumir todos os custos das accións incluídas no servizo, así como a loxística para o desenvolvemento do mesmo.
- A realización de cantas propostas fosen necesarios para a adecuada adaptación das actividades a desenvolver aos obxectivos de cada unha das actuacións a executar.

Páx. 3 de 6





Expte. 4493/440

- Designar un único interlocutor encargado da dirección dos traballos e de coordinar as relacións coa Dirección do Proxecto.
- Asegurar unha correcta execución das actividades contratadas, responsabilizarse do seguimento e control dos traballos.
- A empresa adxudicataria estará obrigada a cumprir as obrigacións de información e publicidade establecidas no anexo XII, sección 2.2. do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 de decembro de 2013, e, especialmente, as seguintes:
 - a) Nos documentos de traballo, así como nos informes e en calquera tipo de soporte que se utilice nas actuacións necesarias para o obxecto do contrato, aparecerá de forma visible e destacada o emblema da UE, facendo referencia expresa á Unión Europea e o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.
 - b) En toda difusión pública ou referencia ás actuacións previstas no contrato, calquera que sexa o medio elixido (folletos, carteis, etc...), deberanse incluír de modo destacado os seguintes elementos: emblema da Unión Europea de conformidade coas normas gráficas establecidas, así como a referencia á Unión Europea e ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, incluíndo a lema "Unha maneira de facer Europa".

7.- Seguimento dos traballos

Para asegurar o correcto desenvolvemento dos traballos vinculados ao contrato de servizos e o cumprimento dos prazos previstos, o responsable do contrato manterá un seguimento das actuacións a través de reunións de traballo co delegado da empresa adxudicataria. Estas reunións deberán enmarcarse na proposta de planificación da execución dos traballos que deberá entregar o adxudicatario no prazo de 15 días dende a formalización do contrato. Ademais dos informes finais, durante o desenvolvemento das actividades a empresa adxudicataria deberá responder as indicacións realizadas polo responsable do contrato en canto a xustificación de actividades e situación dos traballos (informes intermedios, solicitude periódica de información relativa ao desenvolvemento dos traballos, etc.).

8.- Prazo de execución dos traballos dos servizos técnicos de soporte e formación:

O prazo de execución dos traballos vinculados ao obxecto deste contrato, establécense para un período de 6 meses, polo cal o licitador deba atender como mínimo as seguintes obrigas respecto as diferentes actuacións:

- Presentación dun programa de planificación das actuacións: nos primeiros 15 días.
- Programa de formación: Continuo sobre o período de execución do contrato (con prioridade nos 4 primeiros meses).
- Soporte á posta en marcha do proxecto: dous primeiros meses.
- Soporte para o desenvolvemento dos apartados b), c), d) e) do punto 2 deste prego: dentro dos catro primeiros meses

Páx. 4 de 6



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 16/05/2017 11:04

Páxina 4 de 6

Aprobado en Xunta de Goberno do 12/05/2017

Código de verificación: 2EE84-43225-45CDC-25223

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 4493/440

O período de execución dos servizos vinculados ao obxecto do contrato en relación ao soporte técnico poderá ser ampliado a proposta do licitador, xustificando dita condición e sempre que non provoque un retraso no desenvolvemento dos apartados anteriores.

9.- Equipo de traballo:

O licitador deberá contar cun equipo de traballo que permita abordar con garantías as tarefas obxecto deste contrato. Os profesionais destinados polo adxudicatario a execución do contrato deberán dispor das titulacións, cualificacións e coñecementos adecuados a natureza dos traballos obxecto deste contrato e contar cunha experiencia demostrable no ámbito da xestión de proxectos da administración pública financiada con Fondos Europeos. Neste sentido se require:

(1).- Director de Proxecto: Deberá ser o responsable por parte do adxudicatario para o desenvolvemento dos servizos de soporte técnico e formación, deberá ter experiencia contrastada na xestión de proxectos similares executados con fondos FEDER e deberá cumprir cos seguintes requisitos:

- Titulación mínima requirida: titulación superior.
- 3 Referencias en proxectos similares executados con FEDER
- Experiencia mínima de 3 anos en Dirección de Proxectos con fondos FEDER. Deberá acreditar como mínimo ter participado en 3 proxectos similares.
- Mais de 5 anos de experiencia laboral, en tarefas similares ao obxecto do contrato para a administración pública

(1).- Consultor sénior. Deberá ter un amplo coñecemento na xestión de fondos FEDER. Deberá cumprir cos seguintes requisitos:

- Titulación mínima requirida: titulación superior.
- 3 Referencias en proxectos similares executados con FEDER
- Experiencia laboral maior de 3 anos.

(1).- Consultor. Deberá ter coñecemento da xestión de fondos FEDER. Deberá cumprir cos seguintes requisitos:

- Titulación mínima requirida: titulación superior.
- Experiencia laboral maior de 2 anos.

Para o desenvolvemento dos traballos, todos os membros do equipo deberán dispor de total dispoñibilidade para o desenvolvemento das tarefas derivadas do obxecto deste contrato, para o cal, o Concello de Vigo, disporá de instalacións para o desenvolvemento das diversas funcións derivadas da execución dos servizos de soporte técnico. Cando as actividades derivadas das funcións do soporte técnico ou formación se desenvolvan nas instalacións do Concello de Vigo, o persoal da adxudicataria ocupará espazos claramente diferenciados dos do persoal do Concello de Vigo, e o mesmo portará identificacións como persoal da empresa



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2017 11:04	Páxina 5 de 6
Aprobado en Xunta de Goberno do 12/05/2017	Código de verificación: 2EE84-43225-45CDC-25223	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



Expte. 4493/440

adxudicataria. Neste caso os medios materiais precisos para a execución persoal do traballo, deberán ser provistos pola mercantil adxudicataria.

En calquera dos casos a mercantil adxudicataria disporá durante toda a vixencia do contrato un equipo estable en Vigo, coa presenza diaria do consultor senior, e coa dispoñibilidade necesaria de todos os membros para o desenvolvemento da planificación proposta polo licitador, podendo ser necesaria a presenza continua de todos os membros do equipo en función das necesidades derivadas da execucións das actuacións vinculadas a estratexia DUSI VIGO VERTICAL.

Os horarios para o desenvolvemento dos servizos de soporte técnico e formación poderán ser de mañá ou de tarde.

Vigo, na data dá sinatura dixital.

Xefe dá Área de Investimentos. José Angel Otero Lamas.

